

## **SURTIDOR DE GASOIL**

O día 18 de xullo de 1951, colócase a primeira pedra en carácter oficial para a construción e colocación do surtidor de gasóleo do noso porto.

A este acto, acudiron varios veciños da vila, destacándose a familia mariñeira.

As autoridades locais que asistiron ao acto e outras persoas públicas foron: O alcalde Paco Maañón, Abelardo Alonso (tenente alcalde), o padre Juan (Capelán do Colexio del Sagrado Corazón), Saturnino Terán (Hno. Menesiano do Colexio del Sagrado Corazón coñecido polo alcume de Hno. Tapón), Benito Alonso (xuíz de paz), Darío (Cabo de mar) e o presidente da Confraría de Pescadores, José M.<sup>a</sup> Beltrán Lamas, quen xunto co alcalde asinaron o contrato con CAMPSA.

O primeiro responsable ao cargo deste surtidor foi Cándido Tapia que á súa xubilación foi substituído por Atilano López, despois foi un rapaz coñecido por Toñito de Rinlo, logo este foi substituído por José Val (Colás) e finalmente o encargado de surtir aos barcos foi Ramón Méndez (Moncho da Rauta).

A partir de aí e pola falta de barcos, o surtidor foi pechado definitivamente tendo na actualidade que ir a subministrarse a Burela.